

O ‘Acord Nacional d’Acció Exterior’: a construción participativa dunha nova política exterior

Jordi Solé i Ferrando

Introdución

O proceso de autodeterminación de Cataluña (tamén chamado eufemisticamente proceso de transición nacional ou proceso para o exercicio do dereito a decidir) está xerando, dunha forma remarcablemente ampla e transversal, debates interesantes sobre como queremos que sexa o novo país que teremos a oportunidade de construír se unha maioría democrática opta pola independencia e, polo tanto, pola constitución dun novo Estado en Europa.

Posto que este proceso, a pesar dalgunhas imaxes deliberadamente distorsionadoras do mesmo, é un proceso de raíz cívica e participativa, con moita sociedade civil virada nel, as achegas de entidades da sociedade civil, académicos, patronais, sindicatos, partidos políticos etc. sobre como imaxinamos unha Cataluña independente, e como a queremos deseñar, proliferaron dun xeito moi destacado nos últimos tempos.

Neste exercicio de reflexión colectiva, no ámbito da acción exterior, sen dúbida destaca a achega do “Acord Nacional d’Acció Exterior” (ANAEX en diante), tanto polo seu innovador proceso de elaboración como polo seu contido de longo alcance. O ANAEX é un bo exemplo de construción participativa, orientada ao futuro, dunha política pública.

O exercicio reflexivo e propositivo do Acord coincidiu no tempo con outros debates e iniciativas que, dalgún xeito, tamén abordaron o papel da política exterior nun novo horizonte político para Cataluña. Así, por exemplo, coincidiu coa elaboración da primeira lei de acción exterior de Cataluña que, no momento de escribir estas liñas, está a piques de ser aprobada definitivamente no Parlament, e con debates parlamentarios importantes sobre a configuración actual e futura desa acción exterior.

Cabe lembrar tamén que un dos informes do Consell Assessor per la Transició Nacional está dedicado a analizar a integración dunha Cataluña independente na comunidade internacional (informe n. 13).

A elaboración do Acord: un proceso participativo dende a base

O ANAEX foi presentado publicamente o pasado 22 de marzo en Barcelona, pero a súa xestación remóntase a finais de 2012, poucos meses despois da primeira manifestación multitudinaria organizada pola Assemblea Nacional Catalana baixo o lema “*Catalunya, nou Estat d’Europa*”.

A iniciativa xurdiu da Taula d’Acció Exterior, un punto de encontro plural e aberto, representativo territorialmente do conxunto de Cataluña, que engloba a entidades activas no